

Aproveita a túa estancia en Vilar de Santos para coñecer...



### O patrimonio cultural

De paso que fas as rutas poderás coñecer o extenso patrimonio que se vai recuperando: muíños, fornos, fontes, airas, pazos...



### O Museo da Limia

Considerado un dos mellores de Galicia, recolle ampla información sobre a desaparecida lagoa de Antela e sobre os oficios e modos de vida da comarca, nos tempos no que a auga doce cubría a extensa chaira da Limia.

[www.museodalimia.com](http://www.museodalimia.com) [patronato@museodalimia.com](mailto:patronato@museodalimia.com)



### A Reserva da Biosfera

Vilar de Santos integra, xunto con Allariz, A Bola e Rairiz de Veiga, este territorio, recoñecido como tal en 2005 pola UNESCO, tanto pola súa conservación e protección dos elementos naturais, ecosistemas e especies existentes como pola protección das formas tradicionais de uso sostible dos recursos naturais.




### O Río Limia e as charcas das areeiras

Un lugar perfecto para a observación de aves. Numerosos patos, pitas de auga e cegoñas reúnense aquí cada ano.



### A Vía Nova

Mandada construír polos emperadores Tito e Dominiano para unir as cidades de Braga e Astorga, atravesaba o concello de Leste a Oeste. Podemos atopar miliarios que marcaban a vía en Parada, Cachalgura, Casas de Veiga ou nos Padrosos.



### Concello de Vilar de Santos

Estrada de Celanova 77

32690 Vilar de Santos - Ourense

Tel. 988 465 863

[concello@vilardesantos.com](mailto:concello@vilardesantos.com)

[www.vilardesantos.com](http://www.vilardesantos.com)

[facebook.com/concellodevilardesantos](https://facebook.com/concellodevilardesantos)

# VILAR de Santos



## Sendeiro de O Ruxidoiro

Distancia

3,7 Km

Duración

Longa 1h

Dificultade

Baixa





1  
Ruta circular, que comeza xunto a Igrexa de San Xoán en Vilar de Santos. A igrexa de orixe románica, foi trasladada desde a aldea de Saa.

Na praza do Concello, xunto a mesma igrexa, podemos aparcар o coche e coller auga para o camiño na Fonte de Cachalgura.



2  
Deixando atrás a Igrexa iniciamos camiño cun fermoso paseo á sombra de vellos carballos, que nos conducirá ao cemiterio e á aldea de Saa. Antiga capitalidade do concello, que foi abandonada.



3  
Saa foi construída sobre rocha. Nas súas rúas aínda poden verse as rodeiras deixadas polos carros na pedra. As pequenas casas agrupadas e das que aínda se intúen as paredes, fálanos doutro tempo.

Na actualidade, Saa está a ser reformada e en proceso de recuperación.



4  
Despois de Saa temos unha pequena subida que nos leva á parte baixa do Monte de Saa.

Desde aquí podemos ver una panorámica da chaira.



5  
Seguimos o noso camiño aproveitando da frescura do bosque, ata chegar ao muíño abandonado do Ruxidoiro, entre poulas e carballeiras e a auga nos regatos. Un lugar cheo de misterio que encantará aos máis pequenos. Estamos na zona núcleo da Reserva da Biosfera.



6  
Comezamos o retorno cara Vilar de Santos, polo camiño que ía cara a Cerredelo. Chegamos novamente a Saa, onde podemos deternos na área recuperada da Fonte do Pazo de orixe romana. Despois seguiremos o camiño entre carballos e sombra que nos levará de volta a Vilar de Santos, onde poderemos descansar no parque de Cachalgura.

